



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfp@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



## **CIRCULAR 4/2008 POLA QUE SE REGULAN AS PROBAS DE ACCESO AO GRAO ELEMENTAL DAS ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL DE MÚSICA.**

O decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música establece no seu artigo 7.1 que para acceder ás ensinanzas de grao elemental de música será requisito imprescindible superar unha proba específica de acceso, que garante os principios de igualdade, mérito e capacidade. Así mesmo, no seu artigo 8, establece que se poderá acceder a calquera curso do grao elemental sen ter superados os anteriores, sempre que se supere a correspondente proba.

Dado o carácter xeral desta normativa autonómica na regulación da proba de referencia, cómpre ditar as concretas normas de desenvolvemento para a súa aplicación nos centros que impartan o grao elemental de música en Galicia, coa finalidade de acadar a necesaria obxectividade e unidade na organización e valoración das mencionadas probas.

En consecuencia co exposto, e en virtude da autorización prevista na disposición derradeira primeira do antes citado Decreto 198/2007, do 27 de setembro, esta dirección xeral dita as seguintes instrucións.

### **I - Disposicións xerais**

1. Os centros da Comunidade Autónoma de Galicia que estean autorizados para impartir o grao elemental das ensinanzas de música establecidas no Decreto 198/2007, do 27 de setembro, desenvolverán a proba de acceso ao dito grao de acordo co disposto nese decreto e co regulado nesta circular.
2. Os centros que estean autorizados para impartir o grao elemental das ensinanzas de música solicitarán, antes do 30 de abril de cada ano, á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, a autorización do procedemento de acceso ao primeiro curso de grao elemental, de acordo co establecido nos seus proxectos curriculares, na normativa que regula o currículo destas ensinanzas e no disposto nesta circular. Este procedemento poderá incluír un curso ou cursoño preparatorio que non terá carácter oficial aos efectos de selección, promoción, permanencia e avaliación do alumnado, conforme ao disposto na disposición adicional oitava do Decreto 198/2007 do 27 de setembro. A autorización será válida para anos posteriores, sempre que o procedemento de acceso non se modifique.
3. Así mesmo, antes do 30 de abril de cada ano os centros deberán remitir ao Servizo Provincial de Inspección a relación de prazas ofertadas para o primeiro curso nas distintas



especialidades do grao elemental. A estes efectos, cada centro debe ofrecer o número dispoñible en función dos recursos do centro.

4. Para a adecuada organización destas probas, os conservatorios e os centros autorizados abrirán un prazo para que os interesados poidan inscribirse nas secretarías dos centros onde pretendan acceder.

5. Os aspirantes que accedan a outros cursos do grao elemental que non sexa o primeiro, deberán de especificar na súa solicitude o curso e a especialidade a que desexan optar, sempre que haxa vacantes dispoñibles no centro.

6. Os centros farán pública, coa suficiente antelación, toda a información pormenorizada sobre o contido das diferentes probas, a súa estrutura, listados orientativos de obras, características dos exercicios, criterios de cualificación ponderados, de ser o caso, e outros aspectos que describan as características e o nivel de dificultade para o acceso a cada un dos cursos e especialidades.

7. Todas as probas de acceso realizaranse nunha única convocatoria anual, unha vez establecida a oferta de prazas vacantes.

8. As probas de acceso ao primeiro curso do grao elemental levaranse a cabo na segunda quincena do mes de xuño. As probas de acceso a segundo, terceiro e cuarto do grao elemental realizaranse durante a primeira quincena do mes de setembro.

## **II - Acceso aos estudos de primeiro curso do Grao Elemental**

1. Os aspirantes a ingresar no primeiro curso do grao elemental disporán dun máximo de dúas convocatorias para o acceso ao mesmo, non computándose, para estes efectos, as probas nas que se obtivo a puntuación mínima para acceder a este curso.

2. A proba de acceso avaliará, en relación coa idade de cada solicitante, as súas aptitudes para iniciar os estudos musicais e contemplará, cando menos, os seguintes aspectos:

- a) Exercicios para avaliar a aptitude rítmica.
- b) Exercicios para avaliar a aptitude auditiva e vocal.
- c) Exercicios para avaliar a aptitude de psicomotricidade.

3. A realización destes exercicios efectuarase de maneira que ningún deles teña carácter eliminatorio. A valoración realizarase considerando tanto cada un dos aspectos sinalados no punto anterior como o conxunto da proba globalmente. Así mesmo, cada centro poderá contemplar no seu procedemento de acceso unha ponderación en relación á idade dos aspirantes.



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfp@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



4. A proba de acceso cualificarase globalmente de 1 a 10 puntos, ata un máximo dun decimal, debendo obter o aspirante unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba.

5. Os aspirantes que superasen a proba e non obtivesen praza na especialidade instrumental solicitada, poderán elixir outra de acordo coas súas preferencias entre as vacantes que queden por cubrir. A estes efectos, os aspirantes que elixan a nova especialidade perderán toda posibilidade de escoller a especialidade solicitada no momento da inscrición na proba.

6. A proba á que se refire este artigo será xulgada por un tribunal nomeado a tal efecto pola dirección do centro que estará integrado, preferentemente, por profesorado do departamento de Linguaxe Musical.

### III - Acceso a outros cursos do Grao Elemental

1. Poderase acceder a calquera outro curso do grao elemental sen ter superado os anteriores, sempre que a idade do interesado estea comprendida nos límites establecidos no artigo 8.3 do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, e se supere a correspondente proba. En calquera caso, o acceso a outros cursos do grao elemental estará supeditado á existencia de prazas vacantes na especialidade solicitada.

2. Os aspirantes a ingresar noutros cursos do grao elemental poderán realizar as probas de acceso para máis dunha especialidade, e disporán dun máximo de dúas convocatorias por especialidade e curso.

3. En relación ao punto anterior, non se computarán as probas nas que se obtivo a puntuación mínima para o acceso aos ditos cursos do grao elemental.

4. Estas probas avaliarán as aptitudes, capacidades e coñecementos do aspirante para cursar os estudos nas distintas especialidades instrumentais para as que se solicita a praza.

5. En todas as especialidades as probas constarán de dous exercicios, que terán carácter eliminatorio e consistirán en:

- a) Interpretación, no instrumento da especialidade a que se opte, de dúas obras de libre elección e unha obra ou exercicio a primeira vista proposto polo tribunal.
- b) Exercicio teórico-práctico para avaliar a capacidade auditiva e vocal, así como os coñecementos de linguaxe musical.

6. Os aspirantes que opten a dúas especialidades dun mesmo curso realizarán o exercicio teórico-práctico recollido no apartado b) do punto anterior unha única vez.



7. A proba realizarase no instrumento correspondente a cada especialidade; non obstante, no caso das especialidades recollidas na columna B no Anexo I, poderá realizarse nos correspondentes instrumentos que figuran na columna A do citado anexo.

8. No desenvolvemento das probas, o exercicio de interpretación instrumental farase en primeiro lugar. Cada un dos exercicios puntuarase de 1 a 10 puntos. Necesitarase un mínimo de 5 puntos en cada un deles para considerar a cualificación como positiva. Unha vez superados os dous exercicios, procederase ao cálculo da media ponderada, que se axustará ás seguintes porcentaxes:

- a) Interpretación instrumental: 60%.
- b) Exercicio auditivo, vocal e de linguaxe musical: 40%.

9. A puntuación final media, así calculada, será como mínimo de 5 puntos para poder superar a proba.

10. Para a realización destas probas constituirase un só tribunal por especialidade e curso, que avaliará todos os exercicios propostos. Estará composto por tres membros, dos que polo menos un pertencerá á especialidade que se convoca ou, no seu defecto, a unha especialidade afin, e outro pertencerá á especialidade de Linguaxe Musical.

11. Para concorrer ás probas de acceso, naquelas obras que así o requiran, os aspirantes deberán aportar os seus músicos acompañantes.

12. Os aspirantes presentaranse ás probas con partituras orixinais, non aceptándose fotocopias das mesmas para o exame.

#### **IV - Cambio de especialidade instrumental**

1. Os alumnos que desexen presentarse a un cambio de especialidade instrumental, poderán facelo sempre que concorran á proba de acceso a un curso superior ao 1º curso do grao elemental da nova especialidade instrumental. En calquera caso, o acceso á nova especialidade estará supeditada á existencia de prazas vacantes na dita especialidade.

2. As probas para cambio de especialidade faranse de acordo co establecido no artigo 6º desta orde. Así mesmo, estes aspirantes estarán sometidos aos límites de permanencia para o grao elemental, establecidos no artigo 14 do Decreto 198/2007 do 27 de setembro.

#### **V - Superación das probas e matrícula**

1. A superación das probas de acceso só será válida para obter posto escolar no centro, segundo a puntuación final acadada, e no ano no que se realiza a mesma. A estes efectos, os alumnos que, unha vez matriculados, se trasladen de centro por matrícula viva non terán que volver a realizar a proba.



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfp@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



2. Aos efectos dunha distribución homoxénea das distintas especialidades, só se poderá obter praza e realizar a matrícula nun só curso e especialidade. O consello escolar poderá autorizar, sempre que existan prazas vacantes, a matrícula en máis dunha especialidade en calquera curso do grao elemental que non sexa o primeiro, previa superación da correspondente proba de acceso.

3. Os aspirantes que, tendo superado as probas, non resulten admitidos pasarán a relacionarse nunha lista de espera a efectos de poder obter praza no caso de producirse unha vacante. A dita lista só terá validez para a convocatoria á que se presente o aspirante, non tendo efectos para convocatorias posteriores.

4. As cualificacións referidas á proba de acceso ao primeiro curso do grao elemental consignaranse nas actas segundo modelo que figura no Anexo II a esta circular.

5. As cualificacións referidas á proba de acceso a outros cursos do grao elemental ou de cambio de especialidade consignaranse nas actas, segundo modelo que figura no Anexo II a esta orde, de xeito ponderado e desglosadas, e cunha cualificación final global que será a puntuación definitiva da proba.

### **VI - Procedemento de reclamación da cualificación da proba de acceso**

1. Co fin de garantir o dereito dos aspirantes a que o seu rendemento sexa avaliado conforme criterios obxectivos, o interesado ou interesada ou os seus representantes legais poderán reclamar ante a dirección do centro, nun prazo de 5 días, contra as cualificacións da proba de acceso, cando consideren que a cualificación se outorgou sen a obxectividade requirida debido a:

- a) Inadecuación da proba proposta en relación cos obxectivos e contidos da materia sometida a avaliación e co nivel previsto na programación polo órgano didáctico correspondente.
- b) Incorrecta aplicación dos criterios de avaliación establecidos nas probas de acceso.

2. No suposto de reclamación contra as cualificacións da proba de acceso, o director ou directora do centro someteráas ao tribunal correspondente, que poderá ratificarse na cualificación outorgada ou estimar a procedencia de rectificar a cualificación reclamada.

3. No suposto de que o tribunal desestime a reclamación, o interesado ou interesada poderá instar para que a dirección remita o expediente á delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que, logo do informe do servizo provincial de inspección educativa, ditará a resolución procedente.

4. Co obxecto de evitar atrasos na resolución das reclamacións que puidesen prexudicar os interesados, deberán observarse os seguintes prazos:



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfpee@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



- a) O director ou directora deberá resolver a reclamación presentada no prazo de cinco días naturais.
- b) No caso de ter que enviar o expediente á delegación provincial, se tramitarase no prazo de 48 horas.
- c) O delegado ou delegada provincial recibirá o informe da inspección educativa e resolverá no prazo máximo de 10 días naturais, desde a entrada do expediente na delegación provincial.

5. Contra a resolución do delegado ou delegada provincial poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, na forma e prazos establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2008

O director xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais



Asdo.: **António Vázquez Vázquez**



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfpee@edu.xunta.es  
www.edu.xunta.es



## ANEXO I

A. Instrumentos de Orixe	B. Instrumento afín
Clave	Órgano
Guitarra	Instrumento de puga
	Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco
	Guitarra eléctrica
Contrabaixo	Baixo eléctrico
Piano	Órgano
	Clave
Violoncello	Viola de Gamba



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
 Dirección Xeral de Formación Profesional  
 e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo  
 San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
 15781 Santiago de Compostela  
 Teléfono: 981 546 562  
 Fax: 981 546 551  
 dxfee@edu.xunta.es  
 www.edu.xunta.es



## ANEXO II

### Modelos de actas de probas de acceso ao grao elemental de música

**ACTA CORRESPONDENTE Á PROBA DE ACCESO AO 1º CURSO DO GRAO ELEMENTAL PARA O ANO  
 ACADÉMICO 200\_-200\_**  
 (Decreto 198/2007, do 27 de setembro)

Nº de orde	ASPIRANTES	Cualificación definitiva

A presente acta contén \_\_\_\_\_ alumnos/as.  
 \_\_\_\_\_ a, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_

O/A Presidente/a

O/A Secretario/a

Vocal

(Carimbo do centro)

**ACTA CORRESPONDENTE Á PROBA DE ACCESO AO 2º, 3º ou 4º CURSO DO GRAO ELEMENTAL PARA O  
 ANO  
 ACADÉMICO 200\_-200\_**

(Decreto 198/2007, do 27 de setembro)

Especialidade: \_\_\_\_\_

Nº de orde	ASPIRANTES	Cualificación Proba instrumental	Cualificación Proba teórico-práctica	Cualificación definitiva

A presente acta contén \_\_\_\_\_ alumnos.  
 \_\_\_\_\_ a, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_

O/A Presidente/a

O/A Secretario/a

Vogais

(Carimbo do centro)